

NOME CIENTÍFICO

Cercis siliquastrum

Descrición:

Árbore de folla caduca, de pouca envergadura, acadando normalmente os 4-6 metros de altura. O seu tronco é negro e recto nos primeiros anos de vida para facerse progresivamente tortuoso coa idade. A súa copa é irregular.



36

As flores son hermafroditas de cor rosa ou lila.



37

Familia: Fabaceae

Orixe: Rexión mediterránea

Nome común: Árbore do amor, árbore de Xudea, árbore de Xudas



38

As súas follas son simples, alternas, glabras e de 7-10 centímetros de lonxitude. O seu ápice é redondeado. Teñen unha tonalidade rosada.



39

Os froitos son legumes colgantes.

Cercis siliquastrum

Hábitat

Vive de forma natural en pendentes próximas aos regatos, preferentemente en zonas calcarias aínda que pode tolerar os solos ácidos. Tolera relativamente ben as xeadas ocasionais pero non os fríos prolongados. Resistente á seca pero non os encharcamentos. Todos este factores amosan a súa adaptación ao clima mediterráneo.

Usos ou propiedades

Moi apreciada en xardinería pola súa beleza e espectacular floración. As súas flores teñen un gosto picante, polo que en algúns lugares se utilizan como condimentos en cocina. Os seus froitos teñen propiedades astrinxentes.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

O seu nome de "árbore do amor" procede, con probabilidade, da forma de corazón que teñen as súas follas. En Francia é coñecida como árbore de Xudea facendo referencia á zona dende onde se importou a Europa na época das cruzadas. Crese que unha corrupción do nome francés "Árbore de Xudea" deu lugar ao nome de "Árbore de Xudas", aínda que outras fontes indican que ese nome faría referencia á árbore na que, segundo a tradición, aforcárase Xudas.